



**SALGADEIRAS
DE MOREIRAS**
Espazo museístico

O Grove



UNHA VIAXE AO CORAZÓN DO MAR

Situado na incomparable paraxe de Punta Moreiras, este museo etnográfico convidate a mergullarte na vida dos homes e mulleres que deron forma á nosa identidade a través do oficio ancestral da transformación dos alimentos do mar.

Nas vellas naves de Moreiras, que hoxe interpretan o noso patrimonio mariñeiro (material e inmaterial), realízase un ameno percorrido «do sal á lata». No seu espazo exterior pódese entender a relación humana co mar a través da nave de salgadura reconstruída, da paisaxe do porto (Meloxo) e da ria; unha relación tamén milenaria que está presente nos xacementos de Adro Vello ou Cantodorxo.



**SALGADEIRAS
DE MOREIRAS**
Espazo museístico

O Grove

Punta Moreiras s/n. Reboredo
36988 O GROVE (Pontevedra)

TEL: (+34) 608 21 69 63 | MAIL: museo@concellodogrove.es

Latitude: 42° 29' 9.487" N Lonxitude: 8° 53' 24.205" W



Puesta en valor del Origen de todos los caminos Xacobeos: El Camino del Mar de Arousa y Río Ulla




**SALGADEIRAS
DE MOREIRAS**
Espazo museístico


O Grove

[GL]

O PERCORRIDO



PLANTA 1



PLANTA 0

QUE VAS DESCUBRIR?



Cunchas

Os famosos colares de cunchas da Toxa, ou mesmo a súa utilización na construción, son fascinantes mostras do seu aproveitamento milenario.



Marisqueo

A evolución da recollida a pé e á boia desde a prehistoria ata as técnicas actuais, incluíndo o novo aproveitamento das algas.



Carpintería de ribeira

Mergúllate nunha auténtica "andrómena" tradicional. Ferramentas ancestrais e maquetas renden homenaxe aos mestres da construción naval en madeira.



A Salgadura

A chegada dos "fomentadores" cataláns e o curado da sardiña en salmoira cambiaron a nosa historia e son a esencia deste espazo.



Cordoaria e artes de pesca

Sorpréndete co arduo traballo das redeiras e a maquinaria orixinal da famosa cordoaria Cananga (século XIX).



A revolución da conserva

Explora as orixes do enlatado hermético coas primitivas máquinas de peche, autoclaves de esterilización e a arte do litografado antigo.



Embarcacións e navegación

Desde os remos e velas ata os primeiros motores e a tecnoloxía electrónica.



PEZAS CLAVE

QUE NON DEBES PERDER

O espazo museístico alberga obxectos dun valor etnográfico relevante que narran a evolución da navegación e a industria desde as carpinterías de ribeira, ou as artes de pesca a obxectos de maior envergadura e que revolucionaron a industria da época. Destacan unha empacadora de algas do século pasado e a demostración ao vivo do proceso de salga cada mes de xullo (segunda quincena).